



DITAME SOBRE OS PROXECTOS DE DECRETO POLOS QUE SE ESTABLECEN OS CURRÍCULOS DOS CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO E SUPERIOR CORRESPONDENTES AOS TÍTULOS DE:

- 1.- Técnico en electromecánica de vehículos automóviles.
 - 2.- Técnico en xardinaria e floraría.
 - 3.- Técnico superior en desenvolvemento de aplicacións multiplataforma.
 - 4.- Técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.
 - 5.- Técnico superior en dirección de cociña.
 - 6.- Técnico superior en dirección de servizos en restauración.
-

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 23 de marzo de 2011, emite o seguinte ditame en relación cos proxectos de decreto polos que se establecen os currículos dos ciclos formativos de grao medio e superior de seis novos títulos de técnico e técnico superior de formación profesional.

1. O Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Administración educativa que desdobre os grupos de formación profesional que superen os 20 alumnos e alumnas, sobre todo naqueles que resulten perigosos para o alumnado e profesorado, no tocante a manexo de produtos ou aparellos de risco. Nesta rateo debe contar o alumnado repetidor.
2. Así mesmo, recoméndalle que se adopten medidas para dotar de competencia lingüística en galego a aquel alumnado que non cursou os estudos previos en Galicia e non dispón desta competencia.
3. Tamén recomenda á Administración educativa para que adopten as medidas adecuadas para adaptar os centros e equipamentos á posta en marcha dos títulos de formación profesional que emanan da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
4. Para o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións multiplataforma o Consello Escolar propón a redución dos metros cadrados do laboratorio e os equipamentos mínimos.
5. No artigo 5º do currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web, propónse a adición do texto que aparecen en negriña en cada un dos seguintes apartados: a), m) e n)
 - a) Configurar e explotar sistemas informáticos, adaptando a configuración lóxica do sistema segundo as necesidades de uso e os criterios establecidos **buscando sempre a galeguización de sistemas, aplicacións e software.**
 - m) Completar plans de probas e verificar o funcionamento dos compoñentes de software desenvolvidos, segundo as especificacións **traballar para que este software teña versións en galego.**
 - n) Elaborar e manter a documentación dos procesos de desenvolvemento, utilizando ferramentas de xeración de documentación e control de versións **na lingua galega.**



6. No anexo II do currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en electromecánica de vehículos automóbiles, propónse a inclusión no cadro de equipamentos mínimos, os seguintes:
- **Equipamentos de diagnose e reseteado de unidades electrónicas.**
 - **Equipamento de adestramento de circuitos hidráulicos e pneumáticos.**
 - **Equipamentos de diagnose con cablería para OBD e caixas de bornas.**
7. Para todos os decretos propónse a inclusión dunha disposición transitoria segunda co seguinte texto: **“A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria contemplará medidas de apoio ao profesorado, especialmente na formación permanente e na investigación e innovación nesta etapa educativa, para contribuír ao mellor desenvolvemento e aplicación destes novos currículos”.**

O Secretario

José Alejo Losada Aldrey

V. e pr.
O Vicepresidente



Fernando del Pozo Andrés